

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 20 de setembro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrárase neste Centro o próximo día **28, xoves, ás 12'00 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

A Coruña, 25 de outubro de 2021.
O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.: GUTIER PARDO COSTA



**CONVOCATORIA SORTEO PÚBLICO PARA A DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA
ELECTORAL PARA AS ELECCIÓNS CONSELLOS ESCOLARES 2021**

Pola presente infórmase a toda a comunidade educativa do Ceip María Pita do SORTEO PÚBLICO para a designación dos membros da Xunta Electoral, que terá lugar con data, hora e lugar que se detallan a continuación:

Carácter: SORTEO PÚBLICO

Data: 28/10/2021

Hora: 12:00

Lugar: Sala de Profesores

GUTIER PARDO COSTA

Director do Ceip Maria Pita

